

## Libros

*Salvador Martí i Puig e Carlos Figueroa Ibarra, “La izquierda revolucionaria en Centroamérica. De la lucha armada a la participación electoral”, Madrid, 2006, Editorial Catarata, 223 páxinas, ISBN: 84-8319-251-9.*

Unha das temáticas máis analizadas polos estudosos en materia política durante as décadas dos 80 e 90 foi o estudo da esquerda revolucionaria en toda América Latina. Pero este tema hai tempo que xa perdeu o interese de moitos autores.

Este libro ten como principal mérito a recuperación do entusiasmo polas forzas revolucionarias que marcaron a historia de varios países, á vez que volve a ollada a unha rexión que hai tempo que só é analizada tanto polos seus desastres naturais, a enorme pobreza e a súa violencia e desigualdade. O estudo permite, ademais, a oportunidade a moitos lectores nostálxicos de volver a recordar unha esquerda que nada ten que ver coa de agora.

Esta obra pretende mostrarnos a mutación das principais e mais representativas forzas revolucionarias de Centroamérica. Así os autores Salvador Martí i Puig e Carlos Figueroa, ambos profesores e investigadores das universidades de Salamanca e Puebla (México), reflexionan sobre os procesos de loita revolucionaria nesta rexión e os continuos cambios experimentados polo *Frente Sandinista de Liberación Nacional* (FSLN) de Nicaragua, o *Frente Farabundo Martí para a Liberación Nacional* (FMLN) do Salvador e a *Unidad Revolucionaria Nacional Guatemalteca* (URNG).

Estes grupos guerrilleiros, formados nun principio polos mozos que non aceptaban a situación política dos seus países, atoparon a súa inspiración na Revolución cubana. Neste sentido, Cuba vaise coller como exemplo a seguir por estas forzas debido a que foi a primeira vez que un réxime revolucionario lograba situarse no poder á vez que contradecía os intereses norteamericanos, converténdose deste xeito no símbolo da esquerda máis radical.

Este estudo analiza organizadamente cada un destes grupos. Así, explicanos nun primeiro lugar a formación destas organizacións político-militares da esquerda revolucionaria, para despois ir analizando a súa evolución, que vai ser moi similar nos tres casos, empezando polas guerras insurreccionais, os posteriores procesos de paz, a súa inserción ao sistema político e a súa participación electoral abandonando desta maneira o concepto de revolución como o seu obxectivo final. Neste sentido, o lector atópase cunha análise moi completa e de moi fácil comprensión do FSLN, FMLN e URNG.

Unha das cuestións máis importantes nesta obra podemos atopala nos seus últimos capítulos, cando se leva a cabo unha comparación das diferenzas actuais entre os dirixentes destas tres forzas políticas e os dirixentes das formacións políti-

cas da dereita, comprobando se existen diferenzas significativas entre eles, tendo en conta que hai dúas décadas enfrontáronse en cruentas guerras civís.

Este estudo comparativo está reforzado cunha serie de cadros estatísticos que axudan a visualizar unha completa comparación entre os diferentes partidos políticos. Incluso, atopamos algunhas sorpresas no seu análise xa que, segundo os autores, a distancia inicial de posicións entre a dereita e a esquerda vaise facendo, nalgúns aspectos, cada vez máis pequena a medida que pasan os anos e a democracia representativa vaise constituíndo como a forma de goberno en Guatemala, Nicaragua e O Salvador.

A modo de conclusión, os autores debaten formulando o dilema sobre os fins e obxectivos da *esquerda transformadora*. Tras analizar os cambios organizativos e os conflitos internos no FSLN, FMLN e URNG, e observar que se pode dar certo consenso entre estas forzas e a dereita nalgúns cuestións políticas, chégase á conclusión de que segue presente a convicción nos fins que deron lugar á formación destas tres organizacións revolucionarias, aínda que se atopan certas contradicións e incongruencias nos partidos de esquerda.

*Ana Leyenda Barreiro.*

***Alicia Campos Serrano (coord), "Ayuda, mercado y buen gobierno. Los lenguajes del desarrollo en África en el cambio de milenio", Barcelona, Icaria, 2005, 286 páxinas, ISBN: 84-7426-829-X.***

**O**s Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio aprobados pola Asemblea de Nacións Unidas en 2001 denotan a converxencia de máis dunha liña de reflexión en torno ao desenvolvemento, xeradas nos últimos anos no Banco Mundial, o Plan para o Desenvolvemento de Nacións Unidas, a Unión Europea ou a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico. Todos eles actores coa capacidade de determinar os paradigmas hexemónicos nesta materia.

A coordinadora deste libro, Alicia Campos Serrano, é profesora de Ciencias Políticas e Relacións Internacionais da Universidade Autónoma de Madrid e membro do Programa de Estudos Africanos, e conta con colaboradores multidisciplinares, con diversas ópticas sobre África e o seu desenvolvemento. A obra pretende contribuír ao debate sobre o desenvolvemento dende unha perspectiva crítica, a través da observancia das axendas das institucións financeiras internacionais, da Unión Europea e dos gobernos africanos, e das prácticas diversas nos contextos locais africanos.

Campos Serrano sinala no seu título a necesidade de fomentar máis axuda, máis mercado e mellor goberno como síntese da converxencia discursiva, se ben nun contexto máis actual, as cuestións de dereitos e liberdades democráticas parecen desatendidas e substituídas polas cuestións de seguridade e control.

No que se refire á gobernabilidade como un dos referentes nas linguaxes do desenvolvemento, autores como Ana Rosa Alcalde e Jokin Alberdi Bidaguren denuncian a visión economicista e tecnocrática dominante e a despolitización do concepto, así como a situación real de desigualdade e debilidade da sociedade civil para liderar procesos políticos independentes.

Pola súa banda, Artur Colom Jaén analiza os novos instrumentos de cooperación a través dos cales o BM e o FMI aplican as súas políticas, centrándose na iniciativa Países Pobres Moi Endebedados e nos Documentos Estratéxicos de Loita contra a Pobreza. Segundo Colom, apertura, desregulación e privatización, noutras palabras, a lóxica do axuste estrutural dos anos anteriores continúa a ser un obxectivo a conseguir, se ben no seu discurso sublíñase agora a loita contra a pobreza como fin último, nun intento de lexitimar a súa visión liberal do desenvolvemento.

O Acordo de Cotonú establece como instrumentos para a cooperación económica e comercial entre a Unión Europea e os países ACP (África, Caribe e Pacífico), a subscripción de Acordos de Asociación Económica, que se negocian de forma individual con grupos rexionais preexistentes ou con países individualmente, e que consisten na formación de áreas de libre comercio acompañadas de asistencia técnica e financeira.

Se ben as negociacións non están pechadas e carecemos de perspectiva temporal para avaliar a aplicación destes instrumentos e a súas implicacións para o desenvolvemento dos países ACP, Eduardo Bidaurratzaga e Ainhoa Marín chaman a atención sobre a énfase da UE na liberalización comercial global como instrumento fundamental para a promoción do desenvolvemento e a erradicación da pobreza cando a súa política agrícola é manifestamente proteccionista e historicamente os países ricos teñen aplicado estratexias de industrialización mediante protección absolutamente inconcibibles hoxe para os países pobres.

Na súa análise da Unión Africana e o Novo Partenariado para o Desenvolvemento de África, Mbuyi Kabunda Badi refírese a elas como estratexias das elites africanas que interiorizan os discursos neoliberais dos acredores internacionais e socios externos desatendendo as realidades económicas, sociais e culturais africanas e admitindo o mercado como a vía para o desenvolvemento, ignorando que mesmo a Conferencia sobre o Comercio e Desenvolvemento de Nacións Unidas, no seu informe de 2004, recoñece que os países pobres menos abertos á mundialización teñen mellorado os seus ingresos *per cápita* máis cós que están abertos a ela.

Juan Carlos Gimeno Martín fai un chamamento á aprendizaxe mutua de saharauís e marroquí dos seus procesos de descolonización como unha contribución á construción dunha democracia global, entendida como pluralidade de formas democráticas, como *demodiversidade* e non como a redución de toda forma de sociedade política á democracia liberal. Afirmo que as novas formas de participación democrática poden conducir a unha revitalización do proxecto emancipador saharauí.

Marina Padrão Temudo pon de manifesto as continuidades e interconexións entre o estado e a sociedade civil en Guinea Bissau e como isto serve os intereses da axenda do liberalismo económico: as ONG locais fomentan a democracia multipartidista ao teren

conexións cos partidos políticos, facilitan a implantación dos modelos de desenvolvemento occidental ao actuar como contratantes públicos, alimentan ao grupo dominante e a súa clientela para manter a estabilidade social, dinamizan o mercado co consumo e as actividades comerciais dos seus empregados, e introducen, a través dos axentes das intervencións externas, novos valores individualistas é orientados ao comercio.

Campos Serrano defende a hipótese de que o impacto dos programas de axuda depende non tanto dos seus deseños e instrumentos como do contexto histórico, político, económico e social en que teñen lugar, entendido dende unha perspectiva transnacionalista. Tras a análise comparada dos casos de Guinea Ecuatorial e de Mozambique, onde a *extraversión*, baseada na explotación do petróleo no primeiro dos casos e na axuda no segundo, dificulta a participación política dos cidadáns nos asuntos públicos, a autora conclúe que sería necesaria unha democratización do sistema económico internacional e da regulación dos fluxos económicos mundiais ou ben unha marxinação relativa de África que permitirá unha mellora na relación entre gobernantes e gobernados.

Os diferentes autores constrúen ao longo da obra un diálogo, desde perspectivas críticas, sobre os discursos hexemónicos do desenvolvemento e as diversas prácticas levadas a cabo nos contextos locais onde se utilizan, rexeitan e transforman as linguaxes que se xeran nas instancias máis globais.

*María Corral Fernández.*

***Teresa Moure, "Outro idioma é posible", Vigo, Editorial Galaxia, 2005, 166 páxinas, ISBN 84-8288-804-8.***

**A** contracorrente, este feliz ensaio de Teresa Moure expresa unha convicción que merece un profundo debate. Non obstante, lamentablemente, a pesar da súa indiscutible lóxica, a inercia e un certo sentido anticipado de derrota, reduce ao anecdótico e marxinal calquera reflexión sobre o asunto.

A consolidación do inglés como lingua internacional auxiliar experimentou un considerable avance nos últimos anos, especialmente co pulo da mundialización económica e da comunicación, con Internet como símbolo máis recoñecible dese actual estado das cousas. Pero abrangue todos os dominios. Recentemente, o goberno galo chamaba a atención ao Comité Olímpico Internacional para lle lembrar que a lingua oficial dos xogos olímpicos é o francés. Pero en China, onde se vai celebrar a próxima Olimpíada, o goberno, abrazando tamén nisto o pragmatismo e deixando cada vez máis de lado os vellos compromisos co esperanto, está promovendo millóns de cursos de inglés para que os cidadáns poidan entenderse cos visitantes. Calquera cidadán común amósase con unha estrañeza asombrada ante un estranxeiro, sexa francés ou peruano, que non saiba falar inglés.

Pero o problema non está, como acertadamente sitúa Teresa Moure, en aprender ou non inglés, ou calquera outra lingua, senón na democratización das relacións e usos lingüísticos internacionais. En teoría, todos os estados, con independencia do seu tamaño e poder económico, son iguais e gozan de iguais dereitos. A práctica é ben distinta, como ben se sabe, e o feito de que boa parte do poder económico e político se concentre a nivel internacional na área anglosaxoa, ten consecuencias globais en todos os planos, como tamén o feito de que esa hexemonía se exprese preferentemente en inglés. Por outra banda, poñamos por caso, o crecente poder económico de China e o seu maior peso nas relacións internacionais, leva a moitos occidentais a interesarse pola súa lingua, estudo considerado case unha excentricidade ata hai ben pouco tempo.

O respecto á diversidade, palabra de moda en tantos ambientes, é a perspectiva chave a adoptar en relación a este asunto. A preservación da pluralidade lingüística internacional esixiría a adopción de medidas que faciliten a presenza internacional das linguas. O problema é o custe, arguméntase sempre; pero a salvagarda dese patrimonio e o cambio xerado nas actitudes mentais dos individuos non ten prezo e, en todo caso, sempre sería máis beneficioso para a humanidade que as dilatadas inversións en gastos militares, por exemplo, incomprendiblemente menos cuestionados. O negocio da lingua, por outra banda, tamén se democratizaría moito máis.

A aposta por unha lingua artificial e auxiliar nos usos internacionais é unha alternativa racional e razoable. Os diferentes movementos sociais, cada vez con maior proxección internacional, así como os centros de investigación e outros actores da sociedade mundial, prestan pouca atención a este asunto. No actual contexto, dos estados e das propias organizacións internacionais pouco se pode agardar. Pero a rica vida da sociedade que se expresa fóra deses ámbitos debería situar este asunto na axenda e visibilizalo adecuadamente. Este libro de Teresa Moure ten o enorme valor de chamarnos a atención sobre un aspecto importantísimo dos usos internacionais, afogado nese curioso raciocinio que tende a cualificar de utópico todo aquilo que debería ser considerado lóxico e xusto.

*Xulio Ríos.*

**Sylvain Cypel, "Entre Muros. La sociedad israelí en vía muerta",** Madrid, Editorial Galaxia Gutenberg-Círculo de Lectores, 2006, 689 páxinas, ISBN: 84-8109-607-5.

**E**xiste un *mea culpa* israelí no asunto de Palestina? Ten sentido o sionismo na época actual? Como inflúen os mitos históricos na súas respectivas versións oficiais para israelís e palestinos? O revisionismo histórico en Israel sobre a súa responsabilidade no drama palestino é un proceso recente, que data de mediados da década dos noventa, cun impacto aínda débil e insuficiente dentro da sociedade israelí.

*Entre Muros...* constitúe unha metáfora exacta, máis psicolóxica ca física e política, do histórico drama entre israelís e palestinos. Pode remitir metaforicamente ao muro ilegal de contención construído polo primeiro ministro israelí Ariel Sharon, pero o seu interese concéntrase en intentar desmontar toda unha serie de mitos, medias verdades e os ideais que posibilitaron a creación do Estado israelí e como isto contribúe a afondar a súa separación, principalmente psicolóxica, con respecto aos seus veciños palestinos e árabes.

Cómpre observar que o autor, Sylvain Cypel, actual redactor xefe de *Le Monde*, asume responsablemente a súa identidade xudea, o cal non lle obstaculiza na realización dunha inédita e notable reflexión sobre a sociedade israelí, autorizada tras doce anos de estadía nese país. Na súa análise, Cypel refírese á escola do revisionismo israelí, personificada en historiadores como Benny Morris e Teddy Katz, obxecto de incompreensións e ataques pero persuadidos pola necesidade de someter ao xuízo histórico a inicial responsabilidade israelí no drama palestino.

Unha reflexión tórnase constante no libro de Cypel: a negación dos feitos que posibilitaron a creación do Estado de Israel en 1948 e a inversión das responsabilidades, tanto de parte israelí como palestina, nos crimes e conflitos iniciais. Isto permitiu, segundo o autor, "a consolidación en Israel dunha convicción de superioridade moral sobre o adversario e a deslexitimación do mesmo" (páxina 109), un proceso ideolóxico que contribuíu ao asentamento de "píares do proceso intelectual e das actitudes políticas dun gran número de israelís, proceso desexado e alimentando dende a creación do país polos engranaxes do aparato do Estado" (páxina 109).

A primeira parte deste extenso estudo concéntrase nesta visión israelí sobre o conflito cos palestinos, dentro dun complexo proceso de construción histórica do moderno Estado israelí que remite aos orixes no sionismo nacionalista, principalmente na súa condición asquenazi centroeuropea. Este proceso foi posteriormente ampliándose, acelerando conflitos internos dentro de Israel, produto das constantes migracións de xudeus *sefardis* e a súa influencia nunha concepción máis crítica sobre Israel, así como da infatigable resistencia palestina.

Solidamente documentado, Cypel expón as visións dos *paises fundadores* israelís e a súa perpetuación mítica nunha sociedade obsesionada pola seguridade e a afirmación da súa identidade, cuxa capacidade de negación *doutro*, neste caso o palestino e o árabe, permite ao autor definir unha escola do *orientalismo* israelí, salpicado tamén de concepcións racistas e excluíntes. As dúbidas de Cypel céntranse en saber se Israel é capaz de sobrevivir con estes mitos fundadores e os seus erros históricos.

A segunda parte concéntrase na visión palestina, nun paso de *verdugo á vítima* que, en absoluto, intenta ser complaciente. Explica como a *Nakba*, o drama dos refuxiados palestinos reafirmou a súa identidade e a proxección internacional, pero sen obviar as deficiencias existentes dentro da concepción palestina de Israel. As *Intifadas* de 1987 e 2000 potenciaron a radicalización da sociedade palestina, defraudada pola irresolución do seu problema pero tamén *oficialmente* incapaz de

asumir os seus erros e os seus mitos históricos. A *vitimización* palestina é real, aínda que con matices.

Cypel recoñece a dificultade de asumir posicións neutras nun conflito que, considera, é o que xera maior paixón e debate a nivel intelectual, histórico e político. Consideremos o panorama actual, co acosado goberno islamita de Hamas na Autoridade Palestina e a crise israelí tras os anos de *man dura* dun Sharon hoxe agonizante. O mérito de Cypel está en ofrecer un honesto debate que asume as fortalezas e debilidades de dúas visións antagónicas.

*Roberto Mansilla Blanco.*

***Jing Wang and Tani E. Barlow (eds), "Cinema and Desire: Feminist Marxism and Cultural Politics in the Work of Dai Jinhua", Londres, Verso, 2002, ISBN: 1-85984-743-9/ 1-85984-264-X.***

Dai Jin Hua: achegando mapas.

**A**s décadas dos oitenta e noventa en China foron a xénese e o desenvolvemento dun grupo de intelectuais independentes ao que faltou tempo para denominar *Nova Esquerda*, e que reúne algúns dos contemporáneos máis coñecidos como Wang Hui, Cui Zhiyuan, Zhang Jie ou Wang Anyi. Remisos a admitir esta etiqueta en parte maliciosa e en parte inevitable, o que lles une é unha posición de partida manifesta que transcende en todos os seus traballos: unha oposición ás teorías neoliberais de certos círculos intelectuais e sobre todo ás políticas socioeconómicas gobernamentais que as están collendo como guía de desenvolvemento, unha crítica da promoción caía quen caía do consumismo cego e unha preocupación moi sentida polas dramáticas diferenzas e conflitos sociais que este modelo está a producir. Unidos polo afán de retomar en serio o debate político que se iniciou a comezos do século pasado en China e por recuperar o sentido orixinal do máis que errado pensamento utópico que traspasou a súa historia recente, insisten na pertinencia actual do termo analítico *clase* e encaran nos seus programas os debates actuais arredor das políticas de xénero, ambiente ou dereito civil, aliñándose con aquelas demandas do anticapitalismo internacional comprometido coa posibilidade de outro mundo algo máis sensato.

*Cinema and Desire* presenta por primeira vez en lingua occidental unha selección de escritos dunha das figuras máis interesantes deste grupo, Dai Jinhua. Profesora de cine e literatura na Universidade de Pequín, ensaísta prolífica, oradora mediática e colaboradora habitual das revistas e foros que vehiculan este debate –como Dushu ou o foro ARENA–, Dai Jinhua converteuse na década dos noventa nunha voz ineludible e nunha precursora dos estudos culturais en China. *Cinema and Desi-*

re recolle oito ensaios escritos durante estes anos, en que reflexiona sobre o cine que se deu en chamar a *Quinta e Sexta xeración*, os diversos discursos de xénero que cristalizan na historia do cine chinés, o orientalismo dos festivais de cine internacionais así como o orientalismo asumido, *interno* que o alimenta e a infiltración cotiá da cultura de consumo. Ao longo destes oito capítulos o volume vai trazando á vez a traxectoria disciplinaria e a proposta de Dai Jinhua, unha proposta que non obstante enténdese mellor a partir da entrevista que pecha o libro e que configura o noveno capítulo. Nela, a autora aporta o marco xeral no que se insire o seu traballo, explicando o seu retorno crítico ao marxismo clásico –“o uso dunha arma crítica non debe facernos esquecer a crítica da arma mesma”–, a súa posición feminista –“unha parte integral da miña posición teórica; máis importante, unha experiencia e unha forma de vida”–, o seu compromiso co cine como material analítico así como a elección de conceptos e teorías que van desde o postestruturalismo á teoría poscolonial. Resumindo, o libro ofrece un exercicio continuado de semiótica cultural onde o cine é o texto privilexiado que informa das tramas políticas, culturais e económicas que van entretecendo os discursos que conflúen e traspasan a contemporaneidade local e global, tratando tanto cuestións estéticas do cine como outras relativas á produción, á comercialización e á recepción, todas elas indisociables na lectura crítica: “Gustaríame amosar como o cine, como cultura de masas, cultura comercial, cultura popular e elitista a un tempo nos revela toda unha gama de significados complexos que se inscriben nun contexto á súa vez complexo e polifacético”. Non cabe dúbida de que Dai sabe ler e sabe comunicar os seus achados despregando un pensamento rico en imaxes metáforas que nos da pe a superar entre outras cousas a xa reiterada fórmula que reduce a contemporaneidade chinesa a un conflito entre tradición e modernidade, aoría que é só un dos cristais no calidoscopio da China real que aquí se nos presenta.

*Cinema and Desire* é pois, sobre todo, un achegamento a unha das intelectuais activas na República Popular, unha versión de primeira man do que está pasando e do que se está a falar na escena intelectual, cultural, pública e polo tanto política de China. Neste sentido, os editores e prologuistas descoidaron algunhas cousas fundamentais que deixan ao lector ou lectora con varias preguntas no aire e con certa sensación de querer saber máis e mellor. O prólogo non aclara gran cousa no referente ao pensamento e ao contexto da autora, e mentres se detén a explicar a elección obvia do termo ‘*cinema*’ do título, omite unha aclaración quizais máis necesaria do segundo ‘*desire*’. Por outra banda, a prosa que Dai Jinhua reconece abrupta e a momentos ensarillada, reverberada nunhas traducións máis ben pouco coidadas.

Boa ou regular, en todo caso supón unha versión directa que, dito sexa de paso, segue sendo dramaticamente indirecta –por non dicir de todo ausente– no noso país. Polo que nos corresponde, *Cinema and Desire* ben pode animarnos a saber algo máis da situación chinesa vista a través dos seus protagonistas, ademais de ofrecernos un monográfico dunha pensadora en acción que por tanto fuxe de calquera lectura fácil. Pola contra, Dai Jinhua debuxa un escenario complexo e solucións com-

plexas, acercamentos conscientemente parciais pero integradores que van debuxando un mapa, unha xeografía conceptual que achega algunhas das coordenadas esenciais da esfera pública chinesa nos nosos días.

*Tyra Díez.*

**Javier Martín, "Hizbulah. El brazo armado de Dios", Madrid, Los Libros de la Catarata, 2005, 251 páxinas, ISBN: 84-8319-238-1.**

Israel debe tomar nota do impacto político e social que pode ter no mundo árabe e musulmán o movemento islamita libanés Hizbolá. Durante a prolongada ocupación militar israelí no Líbano entre 1978 e 2000, este movemento que naceu en 1982 inspirado na revolución iraniana, asestou unha lenta e contundente derrota militar a Israel, reafirmada na súa retirada militar en maio de 2000.

A conflitiva historia entre Hizbolá e Israel volveu a repetirse no verán de 2006, coa breve guerra que entre xullo e agosto libraron ambos os dous contendentes. O fracaso israelí en debilitar a Hizbolá constitúe outra derrota que, como sinalou o autor deste libro, reafirma como Hizbolá "foi o único movemento árabe capaz de derrotar militarmente a Israel" e agora por segunda vez. O *factor Hizbolá* comeza a percorrer con forza o mundo árabe.

Escrito e documentado con gran nitidez, o libro de Javier Martín, un mozo xornalista experto en filoloxía árabe e correspondente da axencia EFE en Oriente Medio, ofrece un balance histórico e político que remata a finais de 2005, polo que cronoloxicamente non abrangue o recente conflito. Non obstante, a súa análise e as reveladoras perspectivas ofrecidas por Javier Martín anticipan escenarios que revelan porqué Hizbolá está a consolidar a súa posición no panorama libanés e rexional.

Utilizando como método as entrevistas a libaneses adscritos e colaboradores de Hizbolá, políticos libaneses, xente común e corrente e membros de ONG pacifistas en Israel, J. Martín intenta penetrar no centro dunha organización celosamente sincrética, en que os seus líderes principais apenas son visibles e cuxo impacto social está a medrar aceleradamente no Líbano, incluso suplantando as funcións básicas estatais.

Neste sentido, faise fincapé na relevancia que tivo a retirada militar israelí do 2000, na percepción psicolóxica que os *mártires* de Hizbolá ofrecen na consolidación social do movemento e os temores das elites libanesas e árabes ante o imparabile ascenso dun movemento popular con raíces islámicas que combina a práctica política, a loita armada e, incluso, o terrorismo.

A dicotomía conceptual e as percepcións en relación a Hizbolá son temas tamén frecuentes neste estudo, probablemente o primeiro en idioma castelán que se ocupa en profundidade sobre as orixes e o significado de Hizbolá. Para EUA e Is-

rael, Hisbolá é un claro exemplo de grupo terrorista, percepción afincada tras o 11-S de 2001 e a guerra de Iraq de 2003. Pola contra, non é así para a Unión Europea e o mundo árabe, neste último caso cunha expansión interesante da mensaxe de Hisbolá como movemento sociopolítico e de loita armada contra o Estado israelí. O movemento islamita Hamas, hoxe no poder na Autoridade Nacional Palestina, é un claro reflexo desta conexión de Hisbolá fóra das fronteiras libanesas.

Obviamente, Javier Martín realiza un exhaustivo tratamento do polémico apoio exterior de Siria e Irán a Hisbolá, que provoca tanta preocupación en Israel e os países occidentais. O autor especula que é Irán o verdadeiro provedor de apoio a Hisbolá, acomodando a relación deste movemento con Damasco aos niveis de conveniencia política. En todo caso, o eixo Hisbolá, Siria e Irán foi revelador na recente confrontación con Israel e o fracaso da agresión militar israelí contra o Líbano e supón un elemento primordial para entender o que hoxe sucede en Oriente Medio.

Rematada momentaneamente esta última guerra e á espera do completo despregamento militar da ONU no sur libanés, resta por saber cal será o papel e o impacto político que terá o Hisbolá tanto na reconstrución do Líbano como nos cambios que están a operarse en Oriente Medio. Será Hisbolá un *estado* dentro do Estado libanés? Terá un impacto operativo nun ascenso do islamismo político no mundo árabe? Está hoxe Israel inmerso nunha delicada encrucillada? Javier Martín deixa estas interrogantes listas para o debate.

*Roberto Mansilla Blanco.*

*Antonio Fernández Arce, "China después de Mao", Lima, Editorial Amauta, 1978, 190 páxinas.*

**X**ornalista peruano asentado en Pequín, Fernández Arce pode presumir de ter vivido en primeira persoa moitos dos acontecementos que convulsionaron a China moderna e coñecido a algúns dos seus protagonistas máis destacados. Esta obra, publicada en 1978, foi escrita no difícil tempo de transición entre a morte de Mao (1976), da que en setembro se conmemorou o trinta aniversario e o inicio da política de reforma e apertura.

Constatando a existencia de claros cambios, aínda que cun perfil que non permitía presaxiar o que despois viría, Fernández Arce describe os principais persoeiros daquel tempo e detalla a natureza das principais polémicas que circundaban as múltiples intrigas que enfrontaban a Banda dos Catro coa maioría de dirixentes, encabezada daquela por Hu Guofeng, o sucesor designado por Mao. Cun estilo periodístico moi áxil, literario, ben informado e con fermosas pinceladas poéticas de propia man, Fernández Arce expresa o desconcerto que daquela producía un país que promulgaba unha nova constitución só tres anos despois de aprobar a anterior,

ou en que os *dazibaos*, esa fermosa forma de expresión de arriba abaixo, que escasos anos antes serviran para vilipendiar a todos os *burgueses* e *reaccionarios*, agora amosaban toda a súa mordacidade contra os ultraesquerdistas.

A economía, a política, a sociedade, as nacionalidades, as relacións exteriores, son asuntos abordados por Fernández Arce neste breve libro, unha crónica que nos achega ás vicisitudes dun tempo en que, a xulgar polos testemuños recollidos, só dous camiños parecían posibles: ou guerra civil ou cambio. Triunfou o pragmatismo e a reforma, pero puido non ser así. Os primeiros intentos de privilexiar as leis económicas en detrimento da ideoloxía, a promoción dos incentivos materiais, etc, foron obxecto dunha considerable polémica, o que realmente dá unha idea do longo camiño percorrido por China en tres décadas, quebrando tópicos e tabús que á vista do que hoxe acontece neste inmenso país parecerían prehistóricas. Pero só se deron hai tres décadas.

Un divídese en dous, dicía Mao. E Fernández Arce, que expresa unha sentida admiración polo personaxe e os méritos da súa política sen deixar de amosar a perplexidade precisa respecto de determinadas campañas ou da política exterior, integra o valor desta afirmación, aproximándose ás dúas grandes figuras dese tempo: o Gran Temoneiro e Deng Xiaoping, o *segundo Jruschov* de China, como alumaban a Banda dos Catro (o *primeiro* era Liu Shaoqi). Pero tamén achega impresións valiosas sobre outras figuras igualmente prominentes por diversas razóns: Zhu Enlai, Lin Piao, etc.

Chama poderosamente a atención o contraste entre o ascetismo e o altruísmo daqueles dirixentes e o tempo actual. As fillas de Mao, Li Min e Li Na, que renunciaron ao seu apelido para evitar a homenaxe das masas, viven aínda neste Pequín de hoxe nunha modestísima pensión, afastadas de calquera signo de opulencia. Nada que ver con moitos dos fillos dos actuais dirixentes, involucrados en mil e un negocios, e beneficiándose sobrada e longamente das posicións dos seus pais.

Nas súas páxinas pódense atopar as referencias de asuntos clave na política chinesa de hoxe, como a recuperación do control do Partido sobre o Estado e o Exército, feito acontecido en agosto de 1973, no X Congreso do PCCh, e que explica, despois do vivido durante a Revolución Cultural, a enorme importancia que se concede á unidade no mando. Un divídese en tres: Partido, Estado, Exército e todo cunha mesma cabeza á fronte.

Esta obra reportaxe de Fernández Arce é a evidencia dun tempo de incerteza no Imperio de Centro pero tamén o retrato do desconcerto xerado entre as moitas persoas que no exterior acompañaban con simpatía e admiración confesada o proceso chinés, desacougados polos continuos golpes de temón que facían ir a pique a China nacida o 1 de outubro de 1949. Ese desasosego pode explicar tamén, en boa medida, o fastío que hoxe predomina en moitos sectores da sociedade chinesa que temen aínda á política porque a intensidade do vivido, en especial durante a revolución cultural, foi de tal calibre que non permite indiferenzas, aínda que ás veces se poidan confundir coa que o propio autor considera a tradición chinesa máis importante: a submisión.

*Xulio Ríos.*